

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN	
1.1. Xustificación teórica	3
1.2. Marco Legal	4
1.3. Principios do plan de orientación	6
2.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO	7
2.1. Contextualización	7
2.2. Ensinanzas impartidas no centro	8
3.- O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	
3.1. Configuración	9
3.2. Funcións	9
4.- OBXECTIVOS XERAIS	12
5.- PLANIFICACIÓN XERAL DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS	13
6.- ÁMBITOS DE ACTUACIÓN	
6.1. Atención á diversidade	16
6.2. Apoio ó Proceso de Ensinanza-Aprendizaxe	18
6.3. Acción Titorial	20
6.4. Orientación Académica e Profesional	22
7.- TEMPORALIZACIÓN POR TRIMESTRES	23
8.- METODOLOXÍA E ORGANIZACIÓN	25
9.- RECURSOS	27

10 ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN 28

11 CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN 29

ANEXO I: *Programación Profesora Apoio*
ANEXO II: *Actividades Plan Acción Titorial*

ORIENTACIÓN ILLA DE ONS

1.- INTRODUCCIÓN

1.1. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA

O presente documento fai referencia ao Plan de Orientación para o curso 2023/2024, elaborado de acordo coa Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Trátase dun instrumento pedagóxico-didáctico que permite planificar, tanto a medio coma a longo prazo, o conxunto de accións prioritarias e estratexias de intervención do Departamento de Orientación en función das necesidades detectadas.

Para entender a necesidade e importancia deste documento, partiremos do concepto de Orientación Educativa dacordo con Alvarez e Bisquerra (1996) a orientación debe entenderse coma un proceso de axuda continuo e sistemático, dirixido a todas as persoas, *en todos os seus aspectos, cunha énfase especial na prevención e o desenvolvemento (persoal, social e de carreira) realizado ao longo de toda a vida, coa implicación dos diferentes axentes educativos (titores/as, orientadores/as, profesorado) e sociais (familia e profesionais).*

Dita tarefa dependerá do modelo teórico ou enfoque de intervención que adopte o profesional de orientación no exercicio do seu rol profesional. Concretamente, no marco do plan de orientación, as accións levadas a cabo seguirán o enfoque educativo ou psicopedagóxico defendido por Isabel Solé (2002). Dito enfoque, implica ter en conta a pluralidade de contextos nos que o alumnado participa e colaborar cos diferentes axentes do contexto educativo (familias, profesorado e axentes externos), tendo en conta ademáis os elementos propios do proceso de E-A. Deste xeito, a actividade orientadora, recollida no plan de orientación, concrétase nos seguintes ámbitos de actuación:

- ✓ Atención á diversidade (altas capacidades intelectuais, dificultades de aprendizaxe, medidas de atención á diversidade (MAD) ordinarias e extraordinarias, entre outras).

- ✓ Acción tutorial (baseada na prevención, por exemplo, educación para á saúde, uso responsable de medios dixitais, entre outras).
- ✓ Orientación académica e profesional (toma de decisións, auto-coñecemento e toma de contacto coas posibilidades académicas e laborais).

1.2. MARCO LEGAL

Existen numerosos referentes lexislativos que pautan e guían as actuacións no eido educativo en xeral, e no ámbito da orientación en particular. Neste punto destacaranse algúns dos principais referentes legais nos que se fundamenta a acción orientadora, de menor a maior nivel de concreción.

Na actualidade, o noso sistema educativo réxese polas ***Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)*** modificada nalgúns dos seus artigos pola ***Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE)*** así coma por aqueles artigos aínda vixentes da ***Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito Educación (LODE)***. Ademais debemos ter en conta a ***Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a L.O.E. 2/2006, a LOMLOE***, que suporá modificacións importantes no Sistema Educativo e que van entrando en vigor dacordo co calendario de implantación - disposición final 5ª. Así pois, o texto consolidado LOE-LOMCE destaca como un dos principios da educación a Orientación Educativa e Profesional, considerándoa como un medio necesario para o desenvolvemento integral do alumnado (***art. 1***). Así mesmo, e respecto da etapa da Educación Secundaria Obrigatoria, recálcase a importancia da Orientación Educativa e Profesional durante este período da escolarización (***art. 22***), sendo esta desenvolvida polo profesorado no seu conxunto en colaboración cos departamentos de orientación (***art.***

91). A LOMLOE inclúe modificacións con respecto á Atención á Diversidade e, mais concretamente, ao alumnado con necesidades específicas de atención educativa (neae) que deben ser tidas en conta.

A nivel autonómico a referencia legislativa fundamental segue sendo o Decreto 120/98 do 23 de Abril, polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 24 de Xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional, que desenvolve o Decreto anteriormente citado.

O Departamento de Orientación elabora o seguinte plan coa finalidade de clarificar as súas funcións e tarefas e organizar así o seu traballo dentro do contexto institucional do centro, en base ao Decreto 120/1998 e a Orde do 24 de Xullo de 1998.

Así mesmo, para a elaboración do **Plan de Orientación 2023/2024** contextualizado, tomarase como referencia a memoria do Departamento de Orientación do curso pasado, así como as liñas prioritarias de actuación establecidas no **Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.**

O Plan anual do Departamento de Orientación abarca tódalas etapas e niveis educativos impartidos no centro, pois entendemos a orientación como un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa e abrangue a toda a poboación escolar. Pretendemos organizar e estruturar de forma sistemática as medidas e respostas que queremos tomar ante unha serie de aspectos relativos ao desenvolvemento persoal, aos procesos de ensino - aprendizaxe e á toma de decisións, que consideramos básicos de cara á formación dos nosos alumnos/as, para a súa inserción na sociedade.

1.3. PRINCIPIOS DO PLAN DE ORIENTACIÓN

A acción orientadora atende a unha serie de principios que guían a totalidade das actuacións. Estes principios parten de distintas formulacións teóricas e epistemolóxicas, polo que neste plan recollemos algúns principios compartidos por autoras e autores relevantes no eido como Rodríguez Espinar (1993), Álvarez Rojo (1994) ou Lázaro e Asensi (1989), entre outras/os.

Principio de planificación; evitar a improvisación a través da planificación e programación das intervencións.

Principio de prevención; buscando adiantarse aos problemas.

Principio de sistematización; non individualista nin puntual, centrada non únicamente no alumnado senón en todo o sistema.

Principio de curricularidade; integrada no propio currículo, en tódolos elementos que o conforman.

Principio de cooperación; necesita da coordinación e axuda mutua de todos os axentes implicados.

Principio de desenvolvemento persoal; integral, atendendo a todos os niveis.

Principio de intervención social; intervindo sobre a medio no seu conxunto.

Principio de implicación; necesidade do esforzo compartido.

2.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

2.1. CONTEXTUALIZACIÓN

O noso IES atópase situado nun núcleo rural de ámbito marítimo-pesqueiro na Península do Morrazo, no Concello de Bueu. A súa principal fonte de riqueza é a pesca, mentras que os cultivos se adican esencialmente ao autoconsumo.

O alumnado accede ao centro a través do transporte escolar ao residir de forma dispersa nas parroquias próximas.

Temos adscritos dous CEIPs da contorna dos que nos chega o alumnado; do CEIP Plurilingüe de Montemogos (Beluso) e do CEIP Plurilingüe Da Torre (Cela). Ámbolos dous centros contan con departamento de orientación propio. Nos últimos anos vamos gañando alumnado procedente doutros centros coma o CEIP Plurilingüe A Pedra, o CEIP de Ardán, o CPR Virxe Milagrosa ou o CPR Eduardo Pondal.

Neste concello existe outro instituto, o IES Johan Carballeira que conta con ensinanzas de: ESO, Bacharelato, Formación Profesional Básica, Ciclos Formativos de grao medio e superior e Educación de persoas adultas.

En relación ao contorno socioeconómico e cultural destacamos o feito de que Bueu é un concello de mercado carácter mariñeiro. Dende o punto de vista educativo, a ocupación maioritaria dos homes na pesca, é algo que marca a nosa labor, xa que esta actividade ocasiona en moitos casos prolongadas ausencias da casa. A nai ten que facer o dobre papel de nai e pai, o que pode xerar problemas que se reflicten no eido educativo.

Non hai grandes problemas de analfabetismo, agás nos sectores de poboación de máis idade, pero hai unha elevada porcentaxe de poboación que non acadou o nivel de graduado escolar. A maioría dos pais e nais teñen un nivel de estudos primarios.

Debemos partir ademais que da experiencia que vivimos coa COVID-19 as consecuencias e secuelas de orde físico, emocional, social... seguen sendo a día de hoxe imprevisibles.

O IES Illa de Ons conta cunha plantilla de 24 profesores/as, e o número de alumnado matriculado este curso é de 164.

2.2. ENSEÑANZAS IMPARTIDAS NO CENTRO

O IES Illa de Ons é un centro de titularidade pública que imparte tan só ensinanzas de ESO.

Actualmente, curso 2023/2024, o centro conta con 8 unidades da ESO desagregadas da seguinte maneira:

Curso	Liñas	Alumnado
1º	2	41
2º	2	44
3º	2	35
4º	2	44
Alumnado Total		164

3.- O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

No Decreto 120/98, mencionado anteriormente, recóllese que “os Departamentos de Orientación han de constituír dentro de cada centro o garante de que a orientación forma parte esencial da actividade educativa e de que se establece unha vía de asesoramento permanente ó profesorado e ás familias”.

3.1. CONFIGURACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Tendo en conta a lexislación vixente (artigo 4º do Decreto 120/1998) o Departamento de Orientación do centro queda constituído para o curso académico 2023-2024 polos seguintes membros:

- Xefa do Departamento de Orientación:
 - M^a Silvia Paz Pena
- Titora ámbito Científico-técnico:
 - María Jesús Rodríguez Romano (titora de 1º ESO)
- Titor/a ámbito Socio-lingüístico:
 - María Angélica Garrido Sotelo (titora de 4º ESO)
- Profesora de apoio:
 - Rosa Ana Rúa Pena

Os membros do DO tentarán reunirse mensualmente para tratar os temas prioritarios do momento os martes en horario: 11:20 -11:55h, en horario do recreo. Ademais, coa profesora de apoio manterase un contacto máis periódico para facer o seguimento do alumnado de apoio.

3.2. FUNCÍONS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A Orde do 24 de Xullo de 1998, establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta Orde establece no seu artigo 5º as funcións que desenvolverá o Departamento de orientación, que son:

- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos/as alumnos/as, do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.

- Elaborar, coordinar e avaliar o Plan de Acción Titorial e o Plan de Orientación Académico-Profesional, facilitando ao profesorado asesoramento e soporte material.
- Participar na elaboración dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con necesidades e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.
- Desenvolver accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenrolo ou aprendizaxe.
- Facilitar ao alumnado e ás familias o apoio e asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares mais decisivos ou de maior dificultade (ingreso no centro, cambio de ciclo ou etapa, elección de optativas, itinerarios formativos, transición profesional).
- Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de posibles medidas de atención á diversidade que se poidan implantar no centro.
- Establecer canles que favorezan a implicación e cooperación das familias co centro.
- Informar ao alumnado dos recursos laborais e profesionais ao seu alcance e propoñer a realización de actividades de orientación que lle faciliten a toma de decisións.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, etc.
- Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos e institucións no ámbito das súas competencias.

O Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 da Xunta establece ademais como función do Departamento de Orientación:

- Colaborar co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que o alumnado con NEE poida precisar para a súa atención.

Serán competencia da Xefa do Departamento de Orientación:

- Representar ao departamento na Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).
- Dirixir e coordinar as actuacións do departamento e facilitar a colaboración dos membros.
- Responsabilizarse da redacción do plan anual de departamento e velar polo seu cumprimento, así como da elaboración e redacción da memoria final de curso.
- Convocar e presidir as reunións ordinarias do departamento e as que, con carácter extraordinario, fose preciso celebrar, levantando a acta correspondente.
- Velar pola confidencialidade dos documentos.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, así como a adquisición de material e equipamento específico.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas do centro así como coordinar o deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade pertinentes, realizando o correspondente informe psicopedagóxico.
- Coordinar as accións do profesorado de apoio.
- Participar nas sesións de avaliación.

Pola súa parte, o **Profesorado de Apoio** ao alumnado con necesidades de apoio educativo encargarse de:

- Asistir ás reunións da CCP.
- Participar nas sesións de avaliación.

- Participar na avaliación inicial do alumnado así como naquelas outras avaliacións que valoren ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación dos Reforzos Educativos e Adaptacións Curriculares Individuais e, se é o caso, daquelas outras medidas dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
- Prestarlle atención docente directa na aula, sempre que sexa posible, ao alumnado con NEAE.

4.- OBXECTIVOS XERAIS

- O acompañamento emocional do alumnado ante a situación tan excepcional que lles tocou vivir.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares dos alumnos/as, mediante as oportunas medidas de atención á diversidade.
- Previr as dificultades de aprendizaxe e non só asistilas cando xa se produciron, contribuíndo a evita-lo abandono, o fracaso e a inadaptación escolar.
- Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores, e da progresiva toma de decisións escolares e profesionais.
- Asegurar a continuidade educativa a través das distintas áreas, ciclos, e etapas educativas.
- Contribuír á adecuada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa (profesorado-alumnado-familia) así como entre a comunidade educativa e o entorno social.

- Contribuír á innovación e á mellora da calidade do ensino.
- Contribuír na mellora do clima de convivencia no centro propoñendo as medidas que se consideren oportunas.

5.- PLANIFICACIÓN XERAL DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS

As accións prioritarias establecidas neste Plan de Orientación para o curso 2022-2023, desenvolveranse mediante catro ámbitos de actuación claramente interrelacionados:

- 1. Atención á diversidade.**
- 2. Apoio ao proceso ensino - aprendizaxe.**
- 3. Acción titorial.**
- 4. Orientación académica e profesional.**

Os aspectos a ter en conta para mellorar a intervención a desenvolver desde o Departamento de Orientación, recollidos na memoria do curso anterior son:

- Considerase imprescindible, para o correcto desenvolvemento do P.A.T., a implicación total do profesorado titor/a. Resulta fundamental organizar e decidir sobre as actividades que se poidan levar a cabo nas horas de titoría e ir resolvendo mellor as problemáticas do momento. Para iso é necesario que as actividades que se fan nas horas de titoría se axusten ós obxectivos do PAT e se realicen de forma coordinada.
- Resulta fundamental a colaboración e coordinación entre o profesorado de apoio e o profesorado das diferentes materias, para poder dar respostas reais e funcionais ás necesidades presentadas polos alumnos/as.
- É fundamental a detección precoz, por parte do profesorado, das dificultades de aprendizaxe do alumnado, especialmente do que chega a 1º ESO, o que favorece

positivamente a súa evolución ao tomar canto antes as medidas de atención á diversidade pertinentes.

- Continuará sendo imprescindible manter reunións ao longo do curso co profesorado para informar e dar pautas de actuación sobre o alumnado con problemáticas específicas xa diagnosticadas e sobre aquel outro que se vaia detectando ao longo do curso.

- Deberá continuarse coa concienciación das familias sobre o imprescindible que resulta a súa colaboración no ámbito académico. De xeito que asuman que o centro colabora na educación dos seus fillos/as pero que nunca pode substituír á propia familia nese proceso.

- Haberá que seguir traballando en xeral nos tres plans co fin de ir dando resposta as necesidades que vaian xurdindo en cada momento.

▪ **Liñas prioritarias**

As liñas prioritarias de actuación neste curso serán:

• Continuar pendentes do acompañamento emocional do alumnado; diminuír os seus temores e ansiedade ante a enfermidade; identificar e apoiar ao alumnado que amose sinais de angustia...

• Diseñar accións de carácter preventivo e compensador que proporcionen respostas educativas adecuadas ás necesidades específicas do alumnado. Asesorarase ós Departamentos Didácticos para pór en marcha ditas medidas de atención á diversidade.

- Valorar as necesidades educativas do alumnado do centro, facendo as Avaliacións Psicopedagóxicas que se estimen necesarias.
- Participar na recollida e actualización de datos sobre o alumnado en xeral, e, sobre aqueles alumnos/as con n.e.e., en particular.
- Atender ás demandas dos titores/as e facilitarlles o asesoramento e o apoio técnico necesarios e promover a revisión dos expedientes académicos dos seus titorandos.
- Atender e asesorar individualmente ó alumnado que o solicite e a aquel que se estime necesario.
- Asesorar a toda a comunidade educativa sobre as posibilidades que ofrece o sistema educativo, facilitando a madurez vocacional e a toma de decisións do alumnado.
- Colaborar e asesorar no seguimento e avaliación do plan de mellora de convivencia do centro.
- Mellorar o seguimento e as actuacións que se leven a cabo co alumnado enviado á aula de convivencia. Recabar información mais explícita no caso de alumnado reincidente e facer propostas de mellora.

.6- ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

A nosa actuación decorrerá, como xa comentamos, nos seguintes ámbitos fundamentais:

- Atención á diversidade
- Apoio ó Proceso de Ensinanza/Aprendizaxe.
- Plan de Acción Titorial.
- Plan de Orientación Académico e Profesional.

Para a consecución dos obxectivos establecidos en cada un dos distintos plans implicarase a toda a comunidade educativa e estableceranse canles de comunicación con outras institucións coa finalidade de facilitar a consecución dos obxectivos previstos (especialmente cos servizos sociais do Concello).

6.1. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

■ CON RESPECTO AO CENTRO

Asesorar e colaborar a nivel de centro á hora de organizar, elaborar e poñer en funcionamento medidas de atención á diversidade:

- Actualizar o PXAD incluíndo as orientacións establecidas nos protocolos para o alumnado con NEAE, priorizando as casuísticas que temos no centro.
- Colaborar na organización dos reforzos educativos, ACS, exencións da segunda lingua estranxeira...
- Facer seguimento e avaliar os resultados das medidas de atención á diversidade postas en marcha polo centro (reforzos educativos, ACS, desdobres...).
- Organizar, si é necesario, charlas de información asesoramento ao profesorado sobre alumnado con NEE; tipos de NEE e resposta educativa adecuada.

■ CON RESPECTO AO ALUMNADO

- Realizar accións encamiñadas á prevención de dificultades de aprendizaxe.
- Favorecer a integración e normalización do alumnado no grupo-clase e no centro.
- Exploración, diagnose e avaliación psicopedagóxica.
- Revisar e manter actualizadas as respostas educativas (medidas de atención a diversidade) ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Participar na selección do alumnado para FPB (Formación Profesional Básica).

- Participar e prestar asesoramento para a avaliación formativa do alumnado, especialmente no caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Valorar as necesidades do alumnado, especialmente con NEE, relacionadas con todas as medidas de protección e hixiene que sexa necesario adoptar con eles/elas.

■ CON RESPECTO AO PROFESORADO

- Informar e asesorar ao profesorado, especialmente aos xefes de departamento das diferentes áreas, á hora de contemplar na programación xeral anual as MAD.
- Facilitar información referente ás avaliacións psicopedagóxicas realizadas ao alumnado e colaborar no deseño, seguimento e avaliación das diferentes medidas de atención á diversidade (RE, ACS, agrupamentos, FPB,...).
- Colaborar co profesorado na prevención e detección de necesidades e asesorar sobre posibles medidas de intervención.
- Fomentar accións de coordinación e colaborativas de atención á diversidade na aula/centro.
- Asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade (de carácter ordinario e extraordinario) e facilitar os recursos axeitados para mellorar e optimizar dita atención á diversidade.
- Asesorar, principalmente aos xefes de departamento, da posible organización de actividades de recuperación de materias pendentas.

■ CON RESPECTO AOS PAIS/NAIS

- Mantelos informados sobre os resultados das exploracións e das avaliacións psicopedagóxicas dos seus fillos/as e intercambiar información co obxecto de ter unha maior comprensión das condutas dos alumnos/as, actitudes, hábitos de traballo...
- Informar ás familias sobre as posibles medidas de atención a diversidade implantadas no centro ou aplicadas ao seu fillo/a.
- Demandarlles colaboración e mantelos informados da evolución do seu fillo/a.

■ CON RESPECTO A OUTRAS INSTITUCIÓNS OU PROFESIONAIS

- Manter comunicación fluída e solicitar a cooperación dos servizos sociais da zona (asistente/a social, educador/a familiar), cando se considere que a problemática presentada polo alumno/a poida ter orixe familiar ou social.
- Establecer canles de comunicación e solicitar información e cooperación de profesionais externos ao centro (Unidade de Saúde Mental Infanto–Xuvenil, psiquiatras, neuropsiquiatras, psicólogos, logopedas, etc).
- Solicitar a colaboración do Equipo de Orientación Específico, si fora o caso.

6.2. APOIO AO PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE

■ CON RESPECTO AO CENTRO

- Integrar os servizos de Orientación nas actividades educativas do centro e fomentar a colaboración entre o Departamento de Orientación e os Departamentos Didácticos.
- Asesorar sobre posibles programas específicos de apoio e recuperación.
- Asesorar e colaborar a nivel centro na elaboración das programacións curriculares, nas medidas metodolóxicas e principios psicopedagóxicos.
- Promover a necesaria cooperación entre o centro e a familia.
- Asesoramento aos equipos docentes sobre aspectos psicopedagóxicos, metodolóxicos e normativa lexislativa.

■ CON RESPECTO AOS ALUMNOS E ALUMNAS

- Análise e avaliación das estratexias de aprendizaxe do alumnado.
- Asesorar aos alumnos/as na utilización de técnicas de traballo intelectual, hábitos de estudo, de habilidades sociais, etc.

- Realizar a avaliación inicial de alumnos con NEE os primeiros días do curso escolar, para poder ofrecer a resposta educativa mais axeitada as súas necesidades.
 - Participar nas sesións de avaliación e reunións do equipo docente.
 - Realizar un seguimento do proceso de aprendizaxe daquel alumnado con mais dificultades de aprendizaxe.
- * No caso da imposibilidade temporal, dalgún alumnado con necesidade de apoio educativo, de asistir ao centro, organizarase co profesor de apoio o seguimento de dito alumnado.

■ CON RESPECTO AO PROFESORADO

- Incidir sobre a necesidade e conveniencia da realización de avaliación inicial do alumnado, prestarase asesoramento e apoio técnico no referente á avaliación.
- Fomentar as reunións titor/a-equipo docente contando cos apoios do Dpto. de Orientación.
- Asesorar ao profesorado na utilización e fomento de técnicas de traballo intelectual que melloren o rendemento escolar do alumnado.
- Asesorar aos departamentos didácticos para que nas programacións se contemplen distintos niveis de dificultade que den resposta á diversidade presente na aula.

■ CON RESPECTO AOS PAIS E NAIS

- Solicitar e facilitar información continua e actualizada aos pais/nais sobre o proceso de E-A dos seus fillos/as, sinalando progresos e atrancos, así como posibles causas e orientacións.
- Establecer canles para fomentar a implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos/as e no día a día do centro educativo.
- Concienciar ás familias da necesidade de establecer hábitos de estudo na casa, e asesoralos para que poidan prestar un maior apoio ao proceso formativo dos seus fillos/as.

6.3. ACCIÓN TITORIAL

■ CON RESPECTO AO CENTRO

- Elaborar e contribuír ao desenvolvemento do Plan de Acción Titorial.
- Asesorar (ao equipo directivo, aos/as titores/as e ao profesorado) no desenvolvemento do PAT e aportar criterios para a organización e funcionamento das titorías.
- Elaboración, difusión e seguimento de diversos programas para desenvolver nas titorías, tendo en conta o contexto do centro, as súas necesidades e as demandas plantexadas.
- Facer o seguimento do PAT e velar polo seu cumprimento.
- Realizar propostas que posibiliten as actuacións coordinadas dos/as titores/as dun mesmo curso, e as reunións periódicas dos/as titores/as co orientador/a.

■ CON RESPECTO AO ALUMNADO

- Prestar ao alumnado apoio e asesoramento grupal ou individualizado cando sexa solicitado e se considere oportuno.
- Facilitar a boa integración do alumno/a no Centro e no grupo de compañeiros/as favorecendo a convivencia e o bo clima escolar.
- Diseñar programas de orientación en base ás necesidades do grupo-clase.
- Face-los participar nos talleres educativos que se leven a cabo por outras institucións no centro.

Achégase Anexo II: Actividades do PAT.

■ CON RESPECTO AOS PROFESORES/AS

- Asesorar no desempeño da función titorial, facilitando propostas de programas e actividades de titoría, así como orientacións para impulsar a participación das familias.
- Asesoralos en cuestións prácticas de organización e agrupamentos de alumnado, con especial atención ao tratamento flexible á diversidade de aptitudes e intereses.
- Propoñer aos titores/as accións de intervención en Técnicas de Traballo Intelectual.
- Asesorar aos titores/as e profesores/as sobre programas e actuacións que melloren as relacións sociais e a convivencia no centro.
- Facilitar información, asesoramento e materiais adecuados sobre diversos programas e actividades, para o desenvolvemento do PAT ao longo do curso (facilitaranse materiais editados coas adaptacións necesarias e materiais propios elaborados polo Departamento de Orientación).
- Asesoramento e colaboración no deseño e elaboración de informes individualizados e do consello orientador.

■ CON RESPECTO AOS PAIS/NAIS

- Diseñar accións que propicien a implicación das familias no proceso educativo dos/as seus/súas fillos/as.
- Propiciar medidas para manter unha relación de cooperación e unha comunicación fluída entre titores/as e familias (contactos telefónicos, por correspondencia, entrevistas persoais, reunións informativas do titor cos pais do seu grupo-clase,...).
- Colaborar e fomentar actividades formativas dirixidas ás familias.

6.4. ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

■ CON RESPECTO AO CENTRO

- Fomentar que o Centro asuma a responsabilidade da orientación profesional e preparación para a vida activa dos alumnos/as.
- Diseñar, facer o seguimento e participar nas actividades e nos programas de orientación académica e profesional dirixidos especialmente ao alumnado de 2º, 3º e 4º curso da ESO.

■ CON RESPECTO AO ALUMNADO

- Realizar actividades que favorezan o autocoñecemento, itinerarios educativos e saídas profesionais de forma grupal (programas de orientación académica e profesional e charlas) e individual (entrevistas e asesoramento individualizado), dirixido ao alumnado de 4º ESO.
- Axudar e asesorar ao alumnado nos momentos de maior dificultade: ingresos, elección de optativas (finalidade terminal ou propedéutica), elección entre diversos itinerarios formativos...
- Informar e asesorar sobre posibles saídas académicas e laborais do contorno próximo ás que pode optar ao abandonar o Centro, con ou sen título da ESO (incorporación ao mundo laboral, Bacharelato, ciclos formativos, FPB, Educación de adultos...).
- Informar sobre ensinanzas de réxime especial e sobre a cualificación profesional.

■ CON RESPECTO AO PROFESORADO

- Concienciar ao profesorado sobre a necesidade e a importancia da orientación académica e profesional en cursos terminais.
- Diseñar programas de orientación académica e profesional, facilitando asesoramento e material adecuado aos titores para o seu desenvolvemento.

■ CON RESPECTO ÁS FAMILIAS

- Informar e orientar ás familias sobre as posibles saídas profesionais ou académicas que o actual sistema educativo ofrece.

7.- TEMPORALIZACIÓN POR TRIMESTRES

Os ámbitos de actuación anteriormente mencionados iranse desenvolvendo ao longo do curso, en base a planificación e temporalización específica establecida no seu deseño no primeiro trimestre do curso, aínda que tendo sempre en conta as necesidades que poidan xurdir ao longo do ano académico.

Seguidamente preséntase a temporalización das tarefas principais a levar a cabo polo Departamento en cada trimestre:

7.1.- PRIMEIRO TRIMESTRE

- Constitución formal do Departamento de Orientación.
- Análise das necesidades que se plantexan para o curso actual, atendendo especialmente ao acompañamento emocional do alumnado e identificar posibles medos e angustias, proporcionando, no caso de ser necesario, estratexias de regulación emocional.
- Deseño do Plan anual de orientación.
- Asesoramento aos titores/as no desenvolvemento da función titorial.
- Facilitarlles aos titores/as material con actividades para levar a cabo o PAT.
- Atención ás demandas máis urxentes.
- Colaboración e asesoramento na avaliación inicial.
- Organización da resposta educativa máis axeitada aos alumnos e alumnas detectados con dificultades de aprendizaxe: exencións, RE, ACS..
- Colaboración no proceso de revisión de documentos do centro.
- Análise e adquisición de materiais para o DO.
- Organizar os apoios educativos nas diferentes materias.
- Comunicación da información ás familias correspondentes.

- Participación na CCP.
- Participar e asesorar nas sesións de avaliación inicial e 1ª avaliación.
- Estudar os casos específicos nos que o profesorado solicite unha intervención específica.
- Cumplimentar as becas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo e realizar o informe correspondente.
- Difusión dos aspectos máis destacables dos protocolos da Consellería para atender ao alumnado con NEAE.

7.2.- SEGUNDO TRIMESTRE

- Analizar os resultados do primeiro trimestre.
- Revisar coa profesora de PT os apoios que se están a realizar por se hai que introducir cambios, en función do que resulte das avaliacións.
- Avaliacións psicopedagóxicas do alumnado.
- Asesoramento e apoio aos titores/as no desenvolvemento da acción tutorial e orientadora.
- Diseñar e desenvolver programas específicos para as titorías contando coa colaboración das persoas titoras.
- Dar información ao alumnado que cumpra os requisitos referente ás probas de acceso a ciclos de grao medio.
- Participar e asesorar nas sesións de avaliación.
- Atención de pais/nais, alumnos/as e profesores/as.

7.3.- TERCEIRO TRIMESTRE

- Analizar os resultados da segunda avaliación.
- Revisar coa profesora de PT os apoios que se están a realizar por se hai que introducir cambios.

- Asesoramento e apoio aos tutores/as no desenvolvemento da acción tutorial e orientadora.
- Participar e asesorar nas sesións de avaliación.
- Dar información ao alumnado de 4º de ESO en canto ás opcións académicas e profesionais posteriores.
- Sesións de orientación cos cursos da ESO anticipándolles os cambios que van a atopar no curso seguinte así como as súas posibilidades de tomar decisións.
- Proposta de revisión do PAT.
- Avaliar o plan de orientación aplicado no IES.
- Atención de pais/nais, alumnos/as e profesores/as.
- Organizar xornadas de acollida para o alumnado de novo ingreso no vindeiro curso.
- Reunións de coordinación cos tutores/as de 6º de Educación Primaria dos centros adscritos para recopilar información relevante do alumnado.
- Falar co posible alumnado para cursar a FPB e as súas familias.
- Asesoramento e colaboración para elaborar o Consello Orientador do alumnado.
- Analizar e organizar as posibles medidas de atención a diversidade para o vindeiro curso: PMA, PDC, Agrupamentos...
- Realizar a memoria final do DO.

8.- METODOLOXÍA E ORGANIZACIÓN:

A metodoloxía a empregar para o desenvolvemento do plan deberá favorecer a participación activa e cooperativa por parte de todos os implicados/as no mesmo. Para o desenvolvemento do Plan de Orientación o D.O. actuará do seguinte modo:

1. A Xefa do D.O. colaborará no deseño das actividades de orientación e tutoría do centro. Para levar a cabo estas tarefas colaborará:
 - Co equipo directivo, a través da Xefa de Estudos, quen facilitará o desempeño destas actividades e con quen tratará os temas prioritarios do momento.

- Cos Departamentos Didácticos, a través da C.C.P., onde están tódolos Departamentos representados a través dos/das Xefes/as de Departamento.

- Con tódolos titores/as. Os titores/as que pertencen ó D.O. canalizarán as necesidades doutros titores/as do centro.

2. Os titores/as do D.O. formularán a este propostas para incluír no P.A.T. e no P.O.A.P., tendo en conta as suxestións doutros titores/as. A partir de aquí facilitaráselles as actividades de tutoría.

3. Conxuntamente coa profesora de P.T., a Xefa do D.O. organizará as medidas de atención á diversidade.

4. Planificaranse as actividades a levar a cabo cos alumnos/as con N.E.E. en colaboración cos titores/as e profesores/as que lles imparten clase.

Teremos en conta que :

- Os membros do D.O. celebrarán as reunións mensuais oportunas en función da posibilidade horaria dos distintos membros.

- A orientadora manterá os contactos ou reunións oportunas cos servizos sociais do concello para colaborar e coordinar as actuacións incluídas no protocolo sobre o absentismo escolar, planificación de programas conxuntos...

- Realizaranse reunións periódicas co profesorado que atenda aos alumnos/as con necesidades educativas especiais co fin de analizar os resultados académicos e facer, si fora o caso, propostas de mellora.

- A orientadora e a profesora PT organizarán as medidas de atención á diversidade.

- Realizarase un seguemento do ACNEAE e ACNEE.

- A orientadora e os tutores/as terán un contacto periódico para tratar problemáticas que poidan ir xurdindo.
- A orientadora contactará coa familia daquel alumnado que estime oportuno e atenderá do mesmo xeito as demandas que as familias fagan.

Seguiremos para a implementación do noso programa o modelo de programas, polo que, na medida do posible, as nosas actuacións estarán integradas na actividade ordinaria da aula, sen desbotar acción específicas como reunión coas familias, conmemoracións, charlas, ou actividades paralelas á actividade normal das aulas. Non debemos esquecer que a planificación da orientación no centro educativo, plantéxase neste documento de maneira xeral, sen embargo hai que ter en conta que tamén é emerxente, adaptándose ás necesidades que vaian xurdindo.

9. - RECURSOS

PERSOAIS: A acción orientadora é competencia de todos os implicados no proceso en maior ou menor grao. Sen embargo a figura do Profesorado titor/a co apoio da Orientadora serán os elementos clave para levar á práctica esta función, xunto coa axuda que presta o profesorado de apoio (PT) ás necesidades específicas de apoio educativo. Sen esquecer ós demais implicados: equipo directivo, equipo docente, EOE, servizos sanitarios, servizos sociais, e outros servizos externos.

MATERIAIS: guías de tutores, programas multimedia, de internet, vídeos, lexislación, Proxecto Educativo, Memoria anual do DO, programas de acción tutorial, temas transversais, material específico de atención á diversidade, materiais de reforzo, escalas e probas psicopedagóxicas, páxina web do portal educativo da Consellería, trípticos sobre as familias profesionais da FP específica, folletos informativos, bibliografía,....

ORGANIZATIVOS: as reunións do Departamento de Orientación para axustar os apoios ó proceso de ensino aprendizaxe, as reunións da CCP, para a coordinación dos programas por cursos e etapas, as reunión dos titores/as coa orientadora para valorar a implementación dos devanditos programas nas súas titorías, as reunións xerais de coordinación do profesorado, a atención ó alumnado e ás familias, as reunións cos responsables da orientación dos centros adscritos e co profesorado-titor...

10.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

As estratexias de intervención susténtanse nunha serie de principios como poden ser 'a prevención, o desenvolvemento, a intervención social e o fortalecemento persoal' e que permiten dirixir e garantir as actuacións ou intervencións xerais e concretas do proceso de orientación.

10.1. Estratexias co alumnado e o profesorado

Co fin de atender á totalidade do alumnado empregárase un enfoque por programas, deseñados dende o DO e levados a cabo por todo o profesorado, especialmente polas titoras e titores. Trátase de programas preventivos, que permitan anticiparse á aparición dos problemas e dificultades, tendo en conta as diferentes fases da prevención.

Para a súa elaboración, prestarase atención á detección das necesidades e o establecemento de obxectivos que permitan atendelas mediante accións elaboradas de xeito colaborativo, planificadas e temporalizadas. Traballaranse aspectos como unha toma de decisións autónoma e responsable, intelixencia emocional e dixital ou técnicas de traballo intelectual, entre outras. En determinadas ocasións, será necesario un asesoramento personalizado ou individualizado para poder atender as casuísticas concretas que requiran dun abordaxe máis específico.

As actuacións co profesorado e alumnado tratarán de tomar como referencia dous modelos que permiten levar a cabo a estratexia de diferenciación curricular (recoñecida pola UNESCO en 2004): o modelo SEM (Schoolwide Enrichment Model) de Joseph Renzulli e Sally Reis (1997) que se centra no desenvolvemento das fortalezas e talentos do alumnado e o modelo DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe) baseado nos principios de: proporción de múltiples medios de representación da información; proporción de múltiples opcións de acción e expresión da información; proporción de diferentes formas de implicación que melloren a motivación do alumnado.

Ambos modelos permiten o uso de metodoloxías activas e participativas, como aprendizaxe cooperativo ou traballo por proxectos, de acordo cos principios metodolóxicos do Decreto 86/2015 e as orientacións metodolóxicas da Orde ECD/65/2015 pola que se describen as relacións entre as competencias, contidos e criterios de avaliación de educación primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato.

Coa finalidade de integrar os contidos dos programas elaborados dende o DO na vida da aula e que non sexan alleos aos contidos curriculares, empregarase a estratexia de infusión curricular. Dita estratexia permite unha maior transferencia e xeneralización dos contidos a traballar.

10.2. Estratexias co resto da comunidade educativa

Empregarase un modelo de consulta colaborativa co fin de traballar de forma conxunta na atención das necesidades que o alumnado e familias poidan presentar. Ademais, seguindo co modelo psicopedagóxico defendido por Isabel Solé (2002) adoptarase unha concepción constructivista da aprendizaxe centrada nos aspectos contextuais e interactivos e empregando técnicas como a entrevista ou observación mediante escalas de valoración.

11.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Entendemos por avaliación do Plan de Orientación educativa o conxunto de accións que nos permiten recoller información para a argumentación crítica sobre o contido de mellora, a actitude de mellora e o procedemento de mellora utilizado. Esta avaliación farase en base aos seguintes criterios:

- Eficacia: Relacións entre o desexado (obxectivos, resultados) e o acadado.
- Eficiencia: Relación entre o acadado (obxectivos, resultados) e os medios aplicados.
- Comprensividade: Relación entre as ganancias acadadas e a poboación afectada.
- Suficiencia: Relación entre o programado e as necesidades detectadas.
- Coherencia: Grao de consistencia dunha proposta ou dunha execución.
- Funcionalidade: Capacidade de solucionar situacións concretas.
- Utilidade: Grao no que pode ser aplicado.
- Relevancia: Grao de importancia para cubrir necesidades individuais e sociais.
- Actualización: Grao de adecuación a situacións reais.

Así mesmo, como guía do proceso de avaliación, estableceranse uns **Indicadores de Logro** de cara a valorar a práctica orientadora. Neste sentido, interesanos valorar si:

- ✓ Intégrase de xeito coherente na Programación Xeral Anual.
- ✓ As actuacións foron adecuadas respecto das necesidades detectadas.
- ✓ As actuacións planificadas foron suficientemente difundidas entre a comunidade educativa.
- ✓ Tivéronse en conta as aportacións do equipo docente.
- ✓ Favoreceuse a participación e implicación das familias.
- ✓ Tivéronse en conta as motivacións e inquedanzas do alumnado.

- ✓ A organización dos tempos e espazos foi axeitada.
- ✓ As propostas foron adecuadas á nosa contorna próxima.
- ✓ Empregáronse metodoloxias que favoreceron a cooperación e traballo en equipo.
- ✓ Integrouse a perspectiva de xénero de maneira transversal.
- ✓ Contemplouse toda a diversidade do noso alumnado.
- ✓ Fíxose un seguimento activo do plan durante o seu desenvolvemento
- ✓ Tivéronse en conta as propostas de mellora dos plans previos.
- ✓ Superáronse as dificultades presentadas.

Para posibilitar todos estes criterios basearémonos nos datos subministrados por:

- As persoas implicadas directamente no deseño e desenvolvemento de dito plan (membros do Departamento de orientación, titores/as e profesores/as).
- Os/as destinatarios/as (alumnos/as, profesores/as e pais/nais).

E para a recollida de datos da avaliación propóñense os seguintes instrumentos:

- Cuestionarios.
- Entrevistas semiestructuradas.
- Intercambios orais.
- Sesións grupais de avaliación.
- Escalas, sociogramas...

Unha vez avaliado, o plan anual quedará plasmado na Memoria anual do Departamento de Orientación, onde se reflexarán os logros e dificultades atopadas, así como as diferentes propostas de mellora para o vindeiro curso académico.

ORIENTACIÓN ILLA DE ONS